Todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo e os sucesivos trámites publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Friol.

**6.- Procedemento selectivo.****6.1. Documentación**

As persoas interesadas presentarán no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a solicitude debidamente cumprimentada, e no modelo oficial que se publica como Anexos I e II, a estas bases, asinada e dirixida ao Alcalde do Concello de Friol, xunto coa documentación que na mesma se indica.

## 6.2 Prazo de presentación das instancias.

O prazo de presentación das instancias será de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

## 6.3 Admisión.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión.

A listaxe publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Friol.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dous días hábiles para emendar os erros ou defectos advertidos, a partir da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Friol.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións, a lista de admitidos/as, quedará elevada automaticamente a definitiva e publicarase nos lugares anteriormente expresados.

No caso de producirse reclamacións, estas serán estudadas e dítarase resolución estimándoas ou desestimándoas. Dita resolución publicarase coa lista definitiva na sede electrónica do Concello.

## 6.4 Organo de Selección

A comisión Técnica de selección ou tribunal estará integrado por:

- Un Presidente/a
- Un Secretario/a
- Tres Vogais

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas.

Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## 6.5 Colaboradores

A **Comisión Técnica de Selección**, en atención ao volume de traballo en relación coa urxencia do procedemento ou debido ás especificacións técnicas das probas establecidas poderá solicitar a asistencia de persoal colaborador entre os empregados do concello ou asesoramento especial, sen que neste caso sexa necesariamente persoal da propia entidade.

O persoal colaborador ou asesor terá dereito ás mesmas cantidades asignadas aos vogais en concepto de asistencia, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que legalmente corresponda aplicar.

En ningún caso estará presente nas votacións da Comisión Técnica de Valoración.

## 6.6 Designación e nomeamento do Tribunal

A designación dos membros do Tribunal, publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.

## 6.7 Sistema de selección e puntuación.

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de selección que se indica no cadro que se transcribe na base 2.

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, cuio tenor literal e o seguinte *“ nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega ”*.

Se o aspirante non está exento da proba de galego deberá realizar unha proba, que terá carácter eliminatorio, e consistirá nunha proba escrita proposta polo tribunal, nun tempo máximo de trinta minutos.

Cualificarase a proba como apto/a ou non apto/a e publicarase e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Friol. Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas contra as referidas cualificacións.

Estarán exento da realización esta proba aqueles aspirante que posúan o Celga 4 ou equivalente. Estes aspirantes terán a cualificación de apto.

## 7. Fase de Concurso.

Este apartado non pode superar os 6 puntos

### 1. Méritos Profesionais.

-Por mes traballadoou fracción superior a quince días en Administración Pública en igual posto ou similar: 0,10 puntos ata un máximo de 6 puntos.

-Por mes traballadoou fracción superior a quince días en empresa pública ou privada, cando sean por contaallea, en igual postoo similar: 0,05 puntos, hasta un máximo de 1,5 puntos

### 1. Formación extraacadémica recibida.

Considerarase neste apartado a asistencia a cursos, seminarios, congresos, xornadas ou similar impartidos por organismos públicos e/ou oficiais, e organismos privados, relacionada co posto a desempeñar, valorándose mediante a aplicación da seguinte fórmula:

Centros de Formación Públicos: Nº horas X 0,005 puntos.

Centros de Formación Privados: Nº horas X 0,002 puntos.

Aplicarase a fórmula de valoración a aqueles cursos dunha duración inferior ou igual, nunca superior a 250 horas, e dicir, o máximo establecido na duración dun curso para o seu cómputo e de 250 horas.

Neste apartado non se valorará a titulación académica esixida para o acceso ao posto correspondente nin as que resulten necesarias para obter a titulación superior.

Valoraranse outras titulacións académicas complementarias e directamente relacionadas co posto con 1 punto.

Presentarase a relación de méritos así como a documentación xustificativa, no modelo Anexo II.

## 8. Fase de oposición

Puntuación máxima 35 puntos.

A fase de oposición consistirá:

Primeiro exercicio: realización dunha proba tipo test de 25 preguntas, con tres respostas alternativas cada unha, sendo só unha delas a correcta, en relación cos contidos do temario que figura nestas bases. Incluírase un 10% adicional de preguntas de reserva que computarán pola súa orde se resultara anulada polo Tribunal algunha das preguntas iniciais. A duración desta proba será de 60 minutos. Calificarase de 0 a 25 puntos. Cada pregunta contestada de forma correcta sumará 1 punto e cada resposta incorrecta restará 0,25 puntos.

Segundo exercicio: Consistirá na realización dun suposto práctico, dirixido a apreciar a capacidade dos aspirantes para levar a cabo a aplicación práctica das materias específicas establecidas no programa. O tempo máximo de realización será de 45 minutos. Calificarase a proba de 0 a 10 puntos.

## 9. Acreditación

Tanto os requisitos imprescindibles, como os méritos que se aleguen, deberán ser acreditados mediante certificacións expedidas polos organismos competentes. A acreditación da experiencia profesional deberá realizarse mediante certificacións oficiais descritivas do tempo e funcións desenroladas, onde se indique de forma clara o seu inicio e finalización dos mesmos, así como a categoría profesional pola que fora contratado.

Achegarase así mesmo, informe de vida laboral.

## 10. Valoración, relación de aprobados e proposta de resolución. Constitución de bolsa de emprego.

A cualificación definitiva do proceso selectivo estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas nos dous exercicios da fase de oposición mais a dos méritos acreditados na fase de concurso.

En caso de empate a orde de desempate será a seguinte:

1. Puntuación obtida no exercicio da fase de oposición
2. Puntuación obtida na fase de concurso.
3. Sorteo.

Finalizado o proceso de realización das probas establecidas e a avaliación dos méritos que anteriormente se concretan, a Comisión Técnica de Selección/Tribunal confeccionará a listaxe dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación, que remitirá ao órgano competente a efectos de proceder no momento que proceda a formulación do contrato seguindo os chamamentos a orde establecida, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para alegacións que resolverá o Alcalde, previo informe da comisión de selección.

O órgano competente procederá á formalización do contrato cando resulte acreditada a causa que motive os chamamentos, previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

A bolsa de emprego poderá ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente, debidas a calquera circunstancia sobrevida. A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida na oposición mais os méritos acreditados, seguindo o procedemento de publicidade e alegacións descrito no apartado anterior.

A vixencia da listaxe temporal virá determinada pola súa propia regulación, cun límite de tres anos

#### **11. Incidencias.**

A Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

#### **12- Recursos**

Contra este acto poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes. - Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o Sr. Alcalde no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

**ANEXO I: MODELO SOLICITUDE**

<b>1. DATOS PERSOAIS</b>		
D./D <sup>a</sup>		
ENDEREZO:		
LOCALIDADE:		PROVINCIA
NACIONALIDADE:	DATA DE NACEMENTO:	TLF:
EMAIL:		
<b>2. PRAZA CONVOCADA</b>		
<b>3. TITULACION</b>		

**EXPOÑO:**

Que, informado da convocatoria do proceso selectivo ao que se refire a presente instancia, considero reunir os requisitos esixidos nas bases de dita convocatoria e achego a seguinte documentación (sinalarcunha X)

- COPIA SIMPLE DO DNI PASAPORTE OU TARXETA DE RESIDENCIA**
- PERMISO DE CONDUCCION EN VIGOR TIPO B**
- ACREDITACION DA POSESION DO NIVEL DE IDIOMA GALEGO ESIXIDO NAS BASES -CELGA 4**
- INFORME DE VIDA LABORAL ACTUALIZADO A DATA DA SOLICITUDE**
- RELACION ANEXO II DOS MERITOS ALEGADOS PARA A SUA VALORACION E OS DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DOS MESMOS.**

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023.

O/A solicitante \_\_\_\_\_

Asinado:

## ANEXO II.- RELACION DOS MERITOS APORTADOS E ACREDITADOS

EXPERIENCIA PROFESIONAL			
SERVIZOS PRESTADOS EN POSTO IGUAL OU SIMILAR O OFERTADO NA CONVOCATORIA			
CATEGORIA	ADMINISTRACION PUBLICA/ENTIDAD PUBLICA OU PRIVADA	DURACION CONTRATO NOMEAMENTO	DO OU DATA DE INICIO

FORMACION	
DENOMINACION	CENTRO IMPARTICION

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023.

O/A solicitante \_\_\_\_\_

Asinado:

### **ANEXO III.- TEMARIO**

A. Parte xeral: Materias comúns.

Tema 1.- Constitución española de 1978: estrutura e contido. Reforma constitucional. A Coroa. Sucesión. O Rei: as súas funcións.

Tema 2.- Dereitos fundamentais e liberdades públicas. Protección e suspensión.

Tema 3.- As Cortes Xerais. Funcións e funcionamento.

Tema 4.- Goberno e Administración. O Goberno: composición e funcións. Relacións entre Goberno e Cortes Xerais.

Tema 5.- Poder xudicial. Consello Xeral do Poder Xudicial. Tribunal Constitucional. Organización e funcións. Recursos e procesos ante o Tribunal Constitucional.

Tema 6.- Comunidade Autónoma Galega. Estatuto de autonomía. Parlamento de Galicia.

Tema 7.- Administración autonómica de Galicia. Organización e estrutura básica. Competencias.

Tema 8.- Réxime local español. Principios constitucionais. Entidades locais: provincia e outras entidades locais.

Tema 9.- Municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencias. Servizos municipais.

Tema 10.- Sometemento da administración á lei e dereito. Principio de legalidade.

Tema 11.-. As fontes do Dereito público. Normas supraestatais. Normas estatais. Normas autonómicas.

Tema 12.- Potestaderegulamentaria dos entes locais. Regulamento orgánico. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Elaboración e aprobación. Límites da potestaderegulamentaria.

Tema 13.- O procedemento administrativo común. Principios. Fases.

Tema 14.- O procedemento administrativo. Execución forzosa

Tema 15.- Procedemento administrativo sancionador.

Tema 16.- A expropiación forzosa. Procedementoxeral e procedementosespeciais. Reversión do ben expropiado.

Tema 17.- A responsabilidade patrimonial da Administración. Especial referencia á Administración local.

Tema 18.-Revisión dos actos administrativos. Os recursos administrativos.

Tema 19.- Xurisdición contencioso-administrativa: recurso contencioso-administrativo.

Tema 20.- Bens, actividades e servizos das entidades locais.

B. Parte especial: Materias específicas.

Tema 1.- As facendas locais. Recursos das facendas locais.

Tema 2.-Orzamento das entidades locais. Contido, aprobación e modificacións. Execución do orzamento de gastos. Pagamentos a xustificar. Tramitación anticipada de gastos. Proxectos de gastos. Financiación afectada e referencia as desviacións de financiamento

Tema 3.- Liquidación e aprobación da contaxeral. Control e fiscalización do gasto público.

Tema 4.- Estabilidadeorzamentaria e sustentabilidadefinanceira. Plan económico financeiro. Plan de axuste. Remisión de información.

Tema 5.- Intervención e Tesourería das entidades locais. Funcións, organización e provisión. Xestión de Ingresos. Realización de pagamentos.

Tema 6.- Lei 9/2017 de 8 de novembro. Procedementos de contratación das administracións públicas. Tipos de contratos. Regulación harmonizada.

Tema 7.- Órganos de contratación. Capacidade e solvencia dos contratistas. Prohibicións de contratar. Clasificación. Sucesión do contratista.

Tema 8.- O prezo do contrato. Valor estimado. Revisión de prezos. Garantías. Criterios de adxudicación.



Execución e modificación dos contratos.

Tema 9.- O persoalaoservizo das entidades locais. Secretaría da Corporación. Persoal funcionario: Texto refundido do Estatuto do Empregado Público. Lei de Emprego público de Galicia.

Tema 10.- Persoal laboral. Procedementos de selección. Prestacións do traballador e do empresario. Dereitos e deberes Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Tema 11.- Modalidades de contratación. Contratos formativos. Contratos de duración determinada. Contratos de traballo por tempo indefinido. Convenios e acordos colectivos de traballo. Suspensión e extinción do contrato de traballo

Tema 12.- Liberdade sindical e dereito de folga. Outras medidas de conflito colectivo.

Tema 13.- Lei do solo de Galicia: Licenzas de obra e comunicacións previas. Licenzas de actividade: Lei 9/2013 de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade e Decreto 144/2016 de 22 de setembro de regulación integrada de actividades económicas e apertura establecementos.

Tema 14.- A actividadesubvencional das administracións públicas. Concesión, xestión e reintegro. Infraccións e sancións

Tema 15.- Axentes de desenvolvemento local: perfil, funcións e competencias.

Tema 16.- Plans de desenvolvemento local. Características. Fases de elaboración dun plan de desenvolvemento local.

Tema 17.- Política estrutural da Unión Europea. Axudas transitorias. Fondos estruturais: instrumentos financeiros.

Tema 18.- Discapacidade e inclusión social. Normativa reguladora do recoñecemento, declaración e cualificación. Programas integración do discapacitado. Incentivos á contratación de persoas discapacitadas.

Tema 19.- Formación profesional para o emprego. Formación ocupacional. Certificados de profesionalidade. Carnets profesionais.

Tema 20.- A estratexia europea polo emprego. Obxectivos. Plansnacionais.

Tema 21.- Programación de fondos europeos da política de emprego da Unión Europea. Marcos comunitarios de apoio e programas operativos.

Tema 22.- Fondo europeo de desenvolvementorexional (FEDER). Cofinanciamento e xestión de proxectos con FEDER.

Tema 23.- Fondo social europeo (FSE). Cofinanciamento e xestión de proxectos do FSE. Verificacións e controis

Tema 24.- Novos instrumentos financeiros de financiamento e proxectos de desenvolvemento local.

Tema 25.- Análise económica do mercado de traballo. Indicadores territoriais e fontesestadísticas a nivel local.

Tema 26.- Aspectos fiscais a considerar polo emprendedor en relación cosseguintesimpostos: IRPF, IVE; IAE.

Tema 27.- Servizo Público de Emprego en Galicia.

Tema 28.- Políticas activas de emprego. Fontes de información para a busca de financiamento de proxectos.

Tema 29.- Programas de cooperación da Xunta de Galicia coas entidades locais. A contratación de desempregados para obras sociais.

Tema 30.- Obradoiros de emprego.

Tema 31 - Programas integrados de emprego.

Tema 32.- A inserción laboral de colectivos con especiais dificultades de inserción no mercado de traballo

Tema 33.- Servizos e axudasáspersoas demandantes de emprego.

Tema 34.- O emprego e as tecnoloxías da información e a comunicación. Desenvolvemento local e a innovación.

Tema 35.- Creación de emprego no ámbito da atención a dependencia.

Tema 36.- Plans para o fomento do emprego e a creación de empresas. As pequenas e medianas empresas.

Estrutura básica. Sistema e fontes de financiamento. Estratexia empresarial

Tema 37.- A/o emprendedor/a. Formas de acceso a actividade empresarial. O novo marco para a/o emprendedor/a: o estatuto da nova empresa.

Tema 38.- Viabilidade económica e financeiradunproxecto empresarial. Patrimonio da empresa e as súas variacións. Inmobilizado. Activo e pasivo circulante.

Tema 39.- A instrumentación contable da empresa. O ciclo contable. Medición e valoración contable da empresa.

Tema 40.- O contexto laboral actual. Relaciónslaborais na empresa. Xestiónestratéxica dos recursos humanos.

Negociación e resolución de conflitos

Friol, 4 de maio de 2023.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez.

R. 1389

---

## NEGUEIRA DE MUÑIZ

### *Anuncio*

Unha vez rematado o proceso selectivo de estabilización de emprego temporal das prazas de Enxeñeiro Técnico Forestal, Auxiliar SAF e Limpadora, a quenda completa, e Auxiliar SAF en media quenda segundo a convocatoria publicada no BOP de Lugo Nº 294, de 26 de decembre do 2022, por Decreto de Alcaldía Núm.2022-0178, de data 16 de decembro de 2022, procedeuse ao nomeamento como persoal laboral fixo de:

D. Gervasio López Rodríguez, con DNI: \*\*\*2317\*\*, na praza de Enxeñeiro Técnico Forestal.

Dª María del Mar Lombardía Fernández, con DNI: \*\*\*3122\*\*, na praza de Auxiliar SAF e limpadora a quenda completa, e

Dª María Ana Neira López, con DNI: \*\*\*5243\*\*, na praza de Auxiliar SAF a media quenda..

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro e o artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do empregado público de Galicia

Negueira de Muñiz, 2 de maio de 2023.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1390

---

## O PÁRAMO

### *Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de **data 2/05/2023**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **ABRIL** de 2023, polo importe total de **4.018,95€**

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 2 de maio de 2023.- O Alcalde, JoseLuis López López.

R. 1391

---

## POL

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía, de data 3 de maio de 2023, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de abril de 2023, que se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 3 de maio de 2023.- O Alcalde, Lino RodríguezÓnega.

R. 1392

## RIBADEO

### Anuncio

Por Resolución da Alcaldía prestouse aprobación ás bases e convocatoria para constitución **dunha bolsa de emprego no Concello de Ribadeo para postos de traballo de carácter laboral temporal de Operario de Servizos múltiples.**

As bases íntegras serán publicadas no tablón de anuncios do Concello e mais na sede electrónica da web municipal: <https://www.ribadeo.gal>

Esta bolsa será complementaria da creada con anterioridade Resolución 2023-356 de data 14/04/2023 constituída por 4 persoas.

Unha vez rematada esta selección procederáepolaAlcaldia-Presidencia á aprobación dunha nova lista coa orde definitiva das dúas bolsas, publicándose no taboleiro de anuncios e web municipal aos oportunos efectos.

Ribadeo, 3 de maio de 2023.- O ALCALDE,FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R. 1393

### Anuncio

## APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 15 /2023 SUPLEMENTO DE CREDITO 01/2023

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 04/04/2023, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 15/2023 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería, para gastos de facturas de exercicios pechados, pola cantidade de **340.982,84** euros, que se fai público resumido por capítulos:

ESTADO DE GASTOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A) Operacións non financeiras				
A.1 OperaciónsCorrentes				
1	Gastos de Persoal	5.059.146,13	0,00	5.059.146,13
2	Gastos B. Correntes e Servizos	4.472.080,85	325.084,66	4.797.165,51
3	Gastos Financeiros	39.500,00	0,00	39.500,00
4	Transferencias Correntes	377.027,39	5.118,58	382.145,97
5	Fondo de continxencia	20.000,00	0,00	20.000,00
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	3.753.253,95	10.779,60	.3.764.033,55
7	Transferencias de Capital	372.999,08	0,00	372.999,08
B.- Operaciónsfinanceiras				
8	Activos Financeiros	27.045,54	0,00	27.045,54
9	Pasivos Financeiros	124.206,38	0,00	124.206,38
<b>Total</b>		<b>14.245.259,32</b>	<b>340.982,84</b>	<b>14.586.242,16</b>
ESTADO DE INGRESOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A) Operacións non financeiras				
A.1 OperaciónsCorrentes				
1	Impostos Directos	2.834.000,00	0,00	2.834.000,00
2	Impostos Indirectos	470.000,00	0,00	470.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	2.739.774,06	0,00	2.739.774,06
4	Transferencias Correntes	3.969.174,12	0,00	3.969.174,12
5	Ingresos Patrimoniais	12.809,02	0,00	12.809,02
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	101.000,00	0,00	101.000,00

7	Transferencias de Capital	1.150.492,03	0,00	1.150.492,03
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	1.408.883,02	<b>340.982,84</b>	1.749.865,86
9	Pasivos Financeiros	1.559.127,07	0,00	1.559.127,07
<b>Total</b>		<b>14.245.259,32</b>	<b>340.982,84</b>	<b>14.586.242,16</b>

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 4 de maio de 2022.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 1394

## SARRIA

### Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 49.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, e en concordancia co establecido nos artigos 44 e 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ponse en coñecemento de todos os posibles interesados no procedemento que foi interposto o recurso contencioso-administrativo que se identifica a continuación:

**Procedemento:** Procedemento Abreviado n.º 0000063/2023

**Recurrente:** José Luis García Díaz

**Órgano xudicial:** Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Lugo

**Obxecto:**

- Aprobación da Oferta Pública de Emprego de estabilización temporal derivada da Lei 20/2021.
- Aprobación da Oferta Pública de Emprego 2022.
- Eliminación das prazas de Profesor/a de Música da OPE 2022 e inclusión das mesmas na OPE para a a estabilización do emprego temporal derivada da Lei 20/2021.
- Bases xerais que han de rexir os procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria.

En consecuencia, emprázase a todos os posibles terceiros interesados a fin de que podan comparecer e personarse en autos, no prazo de **NOVE DÍAS** contados a partir do seguinte da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Sarria, 3 de maio de 2023.- O alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1395

## TABOADA

### Anuncio

**DELEGACIÓN DE FUNCIONS DE ALCALDÍA NUN CONCELLEIRO.**

Por Resolución de Alcaldía de data 4 de maio de 2023 aprobouse a Resolución cuxa parte dispositiva se transcribe literalmente:

**PRIMEIRO.** Delegar en **Don Abel Fernández Rigueira con dni:\*\*2594\*\*\***, concelleiro do Concello de Taboadaa competencia de Alcaldía para a **firma dos documentos e resolucións derivadas do expediente de celebración do matrimonio civil, Expediente 20230330/003456 tramitado no Rexistro Civil de Vigo, que terá lugar o MÉRCORES, DÍA 17 DE MAIO DE 2023 ÁS 13.00, nos termos do artigo 23.4 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.**

**SEGUNDO.** A delegación conferida na presente resolución requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tacitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

**TERCEIRO.** A presente resolución será publicada no Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre.

**CUARTO.** No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en canto ás regras que para a delegación se establecen en ditas normas.

**QUINTO.** Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co lo que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interperse, con carácter previo e potestativo, Recurso de Reposición ante a Alcaldía de este Concello, no termo de un mes a contar dende o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no termo de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da súa notificación. Non obstante, poderá interperse calquera outro, si o considera conveniente.

Taboada, 4 de maio de 2023.- O Alcalde, Ramiro MoureAnsoar.

R. 1396

## O VICEDO

### *Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de abril de dous mil vinte e tres, prestouse aprobación á liquidación correspondente ó padrón da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas correspondente ó ano 2023.

De conformidade codispuesto no artigo 102.3 de Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria aplicable á facenda das entidades locais en relación codispuesto no artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da lei reguladora de facendas locais, quedan expostos ó público, durante o prazo de 15 días para o seu exame e reclamación por parte das persoas interesadas. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Contra as débedas consignadas no padrón e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

- Reposición, perante o Sr. Alcalde - Presidente, no prazo de un mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá desestimado transcorrido un mes dende a súa interposición sen resolverse expresamente.
- Contencioso - administrativo, perante o Xulgado do Contencioso - administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses dende a súa interposición, se non fose expresa.
- Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

O Vicedo, 3 de maio de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1397

### *Anuncio*

Para dar cumprimento ós artigos 18 da Lei de expropiación forzosa e 17 do Regulamento da lei de expropiación forzosa, a medio do presente, faise público que o Pleno da Corporación do Vicedo, na sesión extraordinaria celebrada o día 2 de maio de 2023, adoptou o acordo que de seguido se transcribe:

#### ACORDO

1.- Estimar a alegación primeira formulada por Olga Leirado Pérez (nº de rexistro electrónico de entrada 2022-E-RE-196, de 28 de xuño de 2022).

2.- Desestimar, en base ó informe emitido polos servizos técnicos municipais, as seguintes alegacións:

- Olga Leirado Pérez (nº de rexistro electrónico de entrada 2022-E-RE-196, de 28 de xuño de 2022), alegacións segunda, terceira, cuarta e quinta.

- Raquel Prado Leirado (nº de rexistro electrónico de entrada 2022-E-RE-314, de 31 de agosto de 2022), alegacións primeira, segunda, terceira, cuarta e quinta.

- Encarnación Ermitas Prado Leirado (nº de rexistro electrónico de entrada 2022-E-RE-356, de 29 de setembro de 2022), alegacións primeira, segunda, terceira, cuarta e quinta.

- Jorge Castaño Fernández de las Heras (nº de rexistro electrónico de entrada 2022-E-RE-381, de 19 de outubro de 2022), alegación única.

- Jorge Castaño Fernández de las Heras (nº de rexistro electrónico de entrada 2022-E-RE-491, de 22 de decembro de 2022), alegacións primeira, segunda, terceira, cuarta, quinta, sexta, sétima e oitava.

3.- Aprobar definitivamente o proxecto de expropiación forzosa, con ocupación urxente, dos bens e dereitos afectados pola execución da obra "Recuperación da servidume de tránsito entre Os Castelos e a praia de Fomento e execución de sendeiro litoral; TM O Vicedo (Lugo)", redactado polos arquitectos, don Francisco Novoa Rodríguez e don Javier Castro Ginzo (Novoa Castro Arquitectos, S.L.P.).

4.- Aprobar definitivamente a relación concreta, individualizada e valorada, dos bens e dereitos a expropiar para a execución do proxecto anteriormente mencionado, que máis abaixo se detallan:

Nº de orde	Referencia catastral	Paraxe	Titular/Usufructuario	Superficie afectada (m2)	Importe total expropiacións
1	6833101PJ0463S0001PE	r/ Vías e Obras, nº 10 - 1ªA, O Vicedo (Lugo)	<u>Titulares:</u> Encarnación Ermitas Prado Leirado (50%) Raquel Prado Leirado (50%) <u>Usufructuario:</u> Olga Leirado Pérez	488,00	16.370,56 €
2 (*)	6833102PJ0463S0001LE	r/ Vías y Obras, nº 8, 27860 - O Vicedo (Lugo)	D.P. Tesorería General de la Seguridad Social	232,00	
3 (**)	6833107PJ0463S0001KE	r/Vías e Obras, nº 4 (D) Suelo, 27860 - O Vicedo (Lugo)	Concello do Vicedo	95,00	
4	6833103PJ0463S	r/ Vías e Obras, nº 4, 27860 - O Vicedo (Lugo)	Comunidade de Propietarios r/ Vías e Obras, nº 4	536,00	3.720,11 €
5	6833103PJ0463S0049KH	r/ Vías e Obras, nº 4, Es:3, Pl:00, Pt:O Finca nº 1 del Dpto. 2, 27860 - O Vicedo (Lugo)	Inversiones Financieras Moreda, S.L.	625,00	6.433,02 €
6	6933001PJ0463S0001ZE	Camiño da Fábrica, nº 4 Suelo, 27860 - O Vicedo (Lugo)	Fidel Rodríguez Calvo	106,00	735,69 €
				<b>TOTAL</b>	<b>27.259,38 €</b>

\* Parcela afectada polo proxecto que é propiedade D.P. Tesorería General de la Seguridad Social, e que, por lo tanto, non será obxecto de expropiación.

\*\* Parcela afectada polo proxecto que é propiedade do Concello do Vicedo, e que, polo tanto, non será obxecto de expropiación.

En base ó exposto anteriormente e das medicións efectuadas, obtense a seguinte valoración:

Concepto	Precio €
Terreos afectados	20.940,87 €
Bens afectados	5.020,45 €
Suma....	25.961,32 €
5 % premio afección	1.298,06 €
<b>Total valoración</b>	<b>27.259,38</b>

5.- Considerar que, co actuado, queda demostrada a necesidade de ocupación dos bens e dereitos a que se refire este expediente, e, polo tanto, acórdase a necesidade de ocupación dos mesmos, considerando que este acordo inicia o expediente expropiatorio.

6.- Publicar este acordo na forma a que se refire o artigo 21 en relación co artigo 18 da Lei de expropiación forzosa, con notificación persoalós interesados, con indicación dos recurso que contra a mesma procedan, invitándose ós mesmos para que propoñan un prezo que propicie a adquisición de mutuo acordo.

7.- Solicitar de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios, a efectos de expropiación forzosa, para a execución da obra "Recuperación da servidume de tránsito entre Os Castelos e a praia de Fomento e execución de sendeiro litoral TM O Vicedo (Lugo)".

Contra o mesmo, que pon fin á vía administrativa, procede o recurso contencioso – administrativo perante o Xulgado do contencioso – administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46.1 da Lei da xurisdición contencioso – administrativa. Porén, poderá interpoñerse, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición diante desta Administración, conforme á Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (artigos 116 e 117) e a Lei reguladora das bases de réxime local (artigo 52), no prazo de un mes, que se computará a partir do día seguinte da recepción da presente notificación.

Todo isto, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

O Vicedo, 4 de maio de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1398

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

#### *Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súxuntanza do día **14/04/2023**, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

**O SAVIÑO: titular: DON LUIS ALBERTO ROIS LÓPEZ. DNI 34\*\*\*911Y.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgúnha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 24 de abril de 2023.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 1399

#### *Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súxuntanza do día **14/04/2023**, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

**LÁNCARA: titular: DOÑA ALMUDENA SANTAS FUENTE. DNI 47\*\*\*762S.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días polaprazza que lles interese.

A Coruña, 24 de abril de 2023.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 1400

### *Anuncio*

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súaxuntanza do día **14/04/2023**, acordounomear, por un periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

**BALEIRA: titular: DON VITO VALIÑO AGRELO. DNI 33\*\*\*217P.**

Contra este acordopoderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte a da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte a da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días polaprazza que lles interese.

A Coruña, 24 de abril de 2023.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 1401

## **MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO** **CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

### *Anuncio*

INFORMACIÓN PÚBLICA: FE DE ERRATAS

**A/27/31892**

En el anuncio de fecha 10 de septiembre de 2022, de información pública de un aprovechamiento de aguas, solicitada por Roberto Álvarez Pérez, con domicilio LU\ Espandariz, 3, Quiroga (Lugo),

En donde dice:

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **TREINTA DÍAS**, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Carballido, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Debe decir,

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **TREINTA DÍAS**, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Quiroga, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Lugo, 4 de mayo de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 1402



*Anuncio*

**PROYECTO DE REHABILITACIÓN DEL SISTEMA DE SANEAMIENTO Y DEPURACIÓN DEL NÚCLEO DE POBLACIÓN O CAMPO DA FEIRA DEL MUNICIPIO DE XERMADE (LUGO), PDM MIÑO-SIL ES010\_3\_ALCH0SCET29SP2536.**

**CLAVE: M1.327-032/2111**

**ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA**

Por Resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 3 de mayo de 2023, se ha acordado someter a información pública el documento relativo a las obras del asunto, que a continuación se relaciona y a los efectos que igualmente se expresan:

- Proyecto, a los efectos previstos en el artículo 83 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas.

El referido documento estará publicado en la web oficial de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A, para que pueda ser examinado por quienes lo deseen y formular las alegaciones u observaciones que consideren oportunas, sobre el contenido del mismo, durante el plazo de veinte días hábiles, contados a partir del día siguiente de la publicación del presente anuncio en el último de los Boletines Oficiales en que se ha de publicar, Boletín Oficial del Estado y Boletín Oficial de la Provincia de Lugo. Además quienes lo deseen podrán consultarlo en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., pudiendo solicitar cita previa en el número de teléfono 988 399 422.

Lugo, 4 de mayo de 2023.- EL PRESIDENTE DE LA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A. José Antonio Quiroga Díaz.

R. 1403

*Anuncio***Expediente: A/27/31795**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 12 de abril de 2023 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a M<sup>a</sup> Isabel y Alberto Javier Otero Sanjurjo, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,1390 l/s de agua procedente de un manantial sito en el lugar de A Venda do Rato, en la parroquia de Monte de Meda (San Martiño), en el término municipal de Guntín (Lugo) para usos domésticos, ganaderos y riego de 0,6 ha.

Lugo, 20 de abril de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 1404